



CAMPO DE VOLUNTARIADO "VIDA SALVAXE"

(O PEREIRO DE AGUIAR - OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-26/07/2025	18-30	Internacional	Etnográfico e medioambiental	15

LOCALIZACIÓN

Este campo lévase a cabo no municipio de Entrimo, localizado ao sur da provincia de Ourense en terras fronteirizas con Portugal. Xunto con outros cinco municipios está englobado dentro do Parque Natural do Xurés. Non só destaca pola súa beleza, senón tamén polo patrimonio cultura e histórico: Igrexa barroca de Sta. María a Real, Mámoas da Serra do Lobeiro, Castro de Castelos, Campamento romano de "Aquis Querquennis," etc.



DESCRICIÓN DO CAMPO

O obxectivo deste campo é por en valor o patrimonio natural, cultural e etnográfico de Entrimo, en especial do patrimonio da Reserva da Biosfera. Os seus obxectivos específicos son:


- Coñecer a cultura tradicional e a fauna dos nosos bosques. Sensibilizar sobre a importancia do seu coidado e conservación.
- Aprender e adquirir formación en materia de medio ambiente: datos sobre a fauna presente que habita na serra.
- Aprender e adquirir formación na recollida de tradición oral, traballo de campo, entrevistas, pescudas, ficha de informantes e documentación: testemuñas de contos e lendas na contorna das aldeas de montaña de Entrimo.
- Crear un espazo der participación xuvenil e interxeracional coa poboación local.

ACTIVIDADES

- Levar conta de rastros e pegadas de animais silvestres. Análise e rexistro destes datos. Avistamento directo de animais da contorna con telescopios e prismáticos.
- Recollida da tradición oral a través de entrevistas co grupo, previamente xestionado polo equipo técnico.
- Avaliación e posta en común dos datos recollidos a través do voluntariado feito durante eses días. Organización dunha charla e mesa redonda, coa implicación dos participantes, para dar a coñecer os informes á veciñanza.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiro de ornitoxía: identificación de aves, creación de caixas-niño, escritura con plumas de aves.



- Visita ao parque natural do Xurés.
- Baños nas pozas naturais de: Pozo caído, Poza de Covas, Pozas de Oleas. Noite de estrelas termais.
- Visitas culturais: Igrexa de Sta. María a Real, Castro dos Castelos, Ximcana histórica pola vila de Entrimo, pobos e aldeas da comarca...
- Visita ao Museo da Cestería e obradoiro de cestería tradicional.
- Visita á queixería local e a Granxa de vaca chachena.
- Obradoiro de percusión e bailes. Obradoiro de cremas naturais.
- Ruta de pirauga.
- Participación voluntaria no Festival Internacional de Curtas e Arte Rural.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN.

Albergue antiga escola de Venceáns. A 6 Qm da capitalía.

INCORPORACIÓN E PUNTO DE ENCONTRO

A incorporación é o primeiro día en Entrimo, no lugar de aloxamento a partir das 16h.

O campo remata o ultimo día despois do desaiuno.

COMO CHEGAR

Tanto de Santiago de Compostela coma de Lugo, pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren ata Ourense.

Para chegar dende Vigo a Ourense, o servizo de autobús préstao tamén a compañía www.monbus.es. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

Os autobuses con destino Entrimo (via Bande) saen da estación de Ourense ás 13:00 ou ás 20:00. Ao chegar a Bande collen o autobús que os espera na estación de buses de Bande para facer o tramos final ata o Concello de Entrimo (www.bus.gal)



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.



DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo

QUE TRAER

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas
- Calzado adecuado para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo con choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

DOCUMENTACIÓN


Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal



INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.